



## VIII REGATA DE VELA LIXEIRA “RÍA DE FERROL”.

REGATA AUTONÓMICA.  
CLASES OPTIMIST E LÁSER.

8 e 9 de xullo do 2017.

# ANUNCIO DE REGATA.

A VIII Regata de Vela Lixeira "Ría de Ferrol" para as clases Optimist e Láser celebrarase en augas da Ría de Ferrol os días 8 e 9 de xullo de 2017, organizada pola *Sección de Vela Lixeira da A.R.C.D. Grupo Bazán de Ferrol, co patrocinio do Concello de Ferrol.*

## 1.- REGRAS:

1.1.- A regata rexerese por:

1. As regras de regata tal e como se definen no Regulamento de Regatas a Vela da I.S.A.F. 2017-2020 (R.R.V);
2. As Prescrición das Federacións Española e Galega de Vela.
3. As Regras das clases participantes.
4. Este Anuncio de Regatas.
5. As Instruccións de Regata.

No caso de discrepancia entre o presente Anuncio de Regata e as Instruccións de Regata, prevalecerán éstas últimas.

1.2.- Aplicarase a Regra 67 do R.R.V. e o apéndice P do Regulamento de Regatas a Vela.

## 2.- PUBLICIDADE:

- 2.1 Os *participantes* na regata poderán exhibir publicidade da Categoría C de acordo coa regulamentación 20 da ISAF, o regulamento de Competicións da RFEV e as prescricións da RFEV a dita regulamentación.
- 2.2 Poderá esixirse aos participantes a exhibición de publicidade conforme o apartado 20.3. d (i) da regulamentación 20 da ISAF que, no seu caso, será proporcionada pola Autoridad Organizadora.

## 3.- ELIXIBILIDADE:

- 3.1 Os participantes deberán cumprir os requisitos de elixibilidade reflexados na regulamentación 19 da ISAF, e nas prescricións da RFEV a dita regulamentación.

## 4.- CLASES ÁS QUE SE DESTINA A COMPETICIÓN:

1.- Clase **Optimist**: Categorias **A, B e C**.

- A – Regatistas de 13, 14 e 15 anos de idade.
- B – Regatistas de 11 e 12 anos de idade.
- C – Regatistas ata 10 anos.

(Regatistas que no ano 2017 cumpriran ou vaian cumprir as idades sinaladas).

2.- Clase **Láser**: Nas súas 3 modalidades: 4.7, Radial e Standard.

## 5.- INSCRICIÓNS:

### 5.1.- Pre – Inscripción:

5.1.1 As pre-inscricións formalizaranse necesariamente no formulario oficial e deberán remitirse **antes do día 05/07/2017** a:

**[A.C.R.D. GRUPO BAZÁN – Sección Vela Lixeira](#)**  
**[r/. República Argentina, nº 15 – baixo – 15404 - FERROL](#)**  
**[E-Mail: grupobazanvelalixeira@gmail.com](mailto:grupobazanvelalixeira@gmail.com)**

5.1.2 O Comité Organizador reservase o dereito de admitir inscricións que se reciban despois da data límite de pre-inscrición.

5.1.3 O Comité Organizador **podrá esixir a presentación de documentos para xustificar os datos do boletín de inscrición formalizado polo regatista (de xeito especial a licenzia federativa do ano en curso e o D.N.I. para acreditar a data do nacemento).**

### 5.2 Confirmación da inscrición

5.2.1 O armador, patrón ou responsable de cada barco ou de cada club no caso de inscrición coletiva, deberán, **obrigatoriamente**, rexistrarse e firmar personalmente o Formulario de Rexistro na Oficina de Regatas antes das **12:00 horas do día 8/07/2017.**

5.2.2 O Rexistro queda condicionado á presentación antes da hora sinalada da licenzia federativa para o ano 2017.

## 6.- PROGRAMA:

O programa será o seguinte:

<u>DATA</u>	<u>HORA</u>	<u>ACTO</u>
<b>8/07/2017</b>	10:00 horas.	* Apertura Oficina de Regatas.
	10:00 a 12:00 horas.	* Rexistro de participantes
	Momento da Inscripción	* Entrega Instrucións de Regata
<b>8/07/2017</b>	14:00 a 20:00 horas.	Probas. Sinal atención 1ª proba 14:00.
<b>9/07/2017</b>	11:00 a 14:30 horas.	Pruebas. Sinal atención 1ª proba 11:00.
<b>9/07/2017</b>	17:00 horas.	Entrega de Trofeos e pinchos.

Non se dará ningunha sinal de saída máis tarde das 14:30 horas do día 9/07/2017, salvo como consecuencia dunha chamada xeral previa.

## **7.- FORMATO DE COMPETICIÓN E PERCORRIDOS:**

- 7.1 Hai programadas **6 probas (3 probas por día)**, das cales deberá completarse a lo menos unha para que a regata sexa válida.
- 7.2 Navegarase polo sistema de frota.
- 7.3 Os percorridos especificaranse nas instrucións da regata.

## **8.- MEDICIÓN.**

- 8.1. Poderanse efetuar inspeccións de equipamento por parte dos delegados do Comité de Regatas, a todas as embarcacións, palos, velas ou calquera tipo de accesorio permitido e igualmente aos equipos persoais dos patróns e tripulacións.
- 8.2. A responsabilidade de acudir a esta regata co Certificado de Medición actualizado, medindo o material co que vaia participar é, exclusivamente, do patrón inscrito.

## **9.- PUNTUACIÓN:**

Aplicarase o Apéndice A e o Sistema de Puntuación Baixa descrito na regra A 4.1 do RRV.

## **10.- CLASIFICACIÓNS:**

- 9.1 As clasificacións faranse de acordo co establecido nas Reglas establecidas no Apéndice A do R.R.V.
- 9.2 Haberá unha clasificación para cada un dos grupos establecidos.

## **11.- SEGURIDADE:**

Será responsabilidade do armador, patrón ou responsable de cada barco cumprir coas normas legais previstas para as embarcacións de recreo, tanto con carácter xeral como en especial para o seu goberno, despacho e seguridade.

## **12.- PREMIOS:**

Haberá premios, como mínimo, para os 3 primeiros clasificados de cada categoría, cando haxa como mínimo máis de 5 participantes na categoría. Noutro caso haberá un premio por categoría.

## **13.- ATRAQUES:**

Os barcos cuxa inscrición sexa acetada nesta regata terán unha praza de varada nas instalacións náutico-deportivas municipais de A Cabana – Ferrol.

**A entidade organizadora** resérvase o dereito de asinar ás embarcacións os postos de varada por rigoroso orde de inscrición, segundo o seu tamaño.

## **14.- RESPONSABILIDADE:**

Todos os que participan na regata o fan baixo o seu propio risco e responsabilidade.

O Comité Organizador ou calquera persoa ou organismo involucrado na organización do evento, rexeita responsabilidade ningunha por perdas, danos, lesións ou molestias que puideran suceder a persoas ou cousas, tanto en terra como no mar, como consecuencia da participación nas probas amparadas por este anuncio de regata.

Chámase a atención sobre a Regra Fundamental 4, DECISIÓN DE REGATEAR, da Parte 1 do RRV que establece:

**"É da exclusiva responsabilidade dun barco decidir si participa nunha proba ou continúa a *regatear*".**

#### **15.- MANUTENCIÓN.**

A organización proporcionará a todos os regatistas e entrenadores bolsas de picnic (bocadillo, froita e auga) los días 8 e 9 de xullo, e o día 8, ás 21:00 horas, agasallará cunha cena conxunta de confraternidade a todos os regatistas, adestradores, xuíces y demáis colaboradores no restaurante da Feira Internacional de Mostras en A Malata.

**O dereito a participar na manutención referida vai ligado a que a pre-inscrición de regatistas e adestradores estea en poder da organización, a máis tardar o día 05/07/2017 (prazo de caducidade).**

#### **16.- ACTOS SOCIAIS / ENTREGA DE PREMIOS:**

O Acto da Entrega de Premios da **VIII REGATA DE VELA LIXERA "RÍA DE FERROL"**, terá lugar no salón do restaurante da Feira Internacional de Mostras en A Malata.

#### **17.- CESIÓN DE IMAXE:**

Todos os participantes, armadores, patróns e tripulacións haberán de comprometerse a ceder os dereitos de imaxe de calquera tipo aos Patrocinadores e á Sección de Vela Lixeira da A.R.C.D. Grupo Bazán de Ferrol, para o seu uso perpetuo e libre e incluso para a súa posible difusión nos medios de comunicación social.

#### **18.- MODIFICACIÓN DO ANUNCIO DE REGATA.**

O Comité Organizador resérvase o dereito a modificar o presente anuncio de regata por causa de forza maior.

**19.- OUTROS.** Persoa de contacto: Alfredo Fernández. Móvil: 0034669211101.  
E-mail: [alfredofsoto@gmail.com](mailto:alfredofsoto@gmail.com) ó [grupobazanvelalixeira@gmail.com](mailto:grupobazanvelalixeira@gmail.com)

**O Comité Organizador - 23/06/2017.**